

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE XULLO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a once de xullo de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 3 de xullo de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

— Gandeiría Conde Cuñarro S.C.

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 2 de outubro de 2023, concedeuse á sociedade GANDEIRÍA CONDE CUÑARRO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social

no lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego, licenza municipal de obras para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico, visado polo colexio correspondente (██████████ do 10/07/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.

2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 17 de xaneiro de 2011 e está integrada por Don Antonio Dafonte Lorenzo (DNI núm. ██████████), Dona Alicia Mundín Vázquez (DNI núm. ██████████) e Don José Manuel Dafonte Mundín (DNI núm. ██████████). Dito documento foi elevado a público mediante escritura pública estendida con data 10 de abril de 2012 ante o notario de Chantada (Lugo) Don Eduardo Díez Fernández-Barbé (protocolo núm. ██████).
3. Con data 14 de xaneiro de 2025 (RE-E núm. 23), Don Antonio Dafonte Lorenzo, na representación da sociedade interesada, solicita a modificación da licenza concedida, achegando modificado de proxecto básico e proxecto de execución (visado colexial núm. ██████████, do 10/01/25), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro. Posteriormente achéganse os anexos I e II ao proxecto, de datas 09/06/25 e 04/07/25 respectivamente, asemade asinados pola dita facultativa.
4. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en tres (3) anos.
5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola arquitecta técnica do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra Dona Verónica Chaves González.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo

correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de outubro de 2023.

2. A modificación proxectada vén motivada polo desexo da promotora de realizar cambios respecto do inicialmente proxectado.
3. Os cambios introducidos no modificado do proxecto consisten na modificación das superficies a construír. Preténdese incrementar a superficie construída da corte para poder deseñar unha zona para almacén de maquinaria agrícola e forraxe. Asemade, diminúese a superficie da fosa de xurro pero incrementando a súa profundidade ata os 4 metros para que non se vexa diminuída a súa capacidade de almacenamento inicialmente formulada, modificándose lixeiramente a súa situación na parcela. Por último, modifícase a configuración da parcela onde se van situar as edificacións como consecuencia da agregación dunha parcela lindeira.
4. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (375.961,37 €).
5. O contido urbanístico do proxecto modificado presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	[REDACTED]
Refº catastral da parcela	36047A139004840000LJ
Superficie da parcela	7.763 m ²
Uso autorizado	Ampliación de explotación de vacún
Superficie ocupada en planta	Ampliación: 1.781 m ²

6. A modificación da actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental (DIA) ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).

7. Por Resolución de data 6 de maio de 2025 da Dirección Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. [REDACTED]).
8. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
9. Figura no expediente escrito emitido, con data 14 de xaneiro de 2025, polo Servizo de Explotacións Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, polo que informa da non necesidade da emisión do informe solicitado.
10. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
11. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
12. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 2 de outubro de 2023, de conformidade coas consideracións anteriormente expostas, manténdose a integridade do non modificado polo presente, así como as mesmas condicións especiais fixadas no acordo inicial de concesión da licenza, ademais das seguintes:

a) Os portais da ampliación proxectada deben cumprir todas as determinacións establecidas no DB SI-3.6. do CTE.

b) Con anterioridade ao inicio das obras deberán presentarse os nomeamentos da dirección facultativa das obras e do coordinador de seguridade e saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes (artigo

353.2 e) RLSG).

c) Unha vez rematadas as obras e con carácter previo ao inicio da actividade modificada a desenvolver, deberá presentarse, nos termos dos artigos 27 da LECEGA e 21 do RIAE, Comunicación Previa respecto do inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que se refire. Esta comunicación deberá vir acompañada da documentación certificatoria final esixida regulamentariamente así como das autorizacións e rexistros correspondentes.

Segundo.- Aprobar a liquidación complementaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), por mor do incremento do orzamento da obra, pola cantidade de MIL NOVECENTOS SESENTA E TRES EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (1.963,34 €).

Terceiro.- Aprobar a liquidación complementaria da Taxa por licenzas urbanísticas, por mor do incremento do orzamento da obra, pola cantidade de CATROCENTOS NOVENTA EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (490,84 €).

3.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA” – EXPEDIENTE PAS-SU 1/2025

De conformidade co establecido na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de subministro denominado “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación do subministro de “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José M^a Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

4.- ORGANIZACIÓN DUNHA ACTIVIDADE DE “ACAMPADA XUVENIL”

A Concellería-Delegada de Xuventude e Deportes do Concello vai programar unha actividade consistente nunha acampada no monte de Suíme, que se desenvolverá os días 11, 12 e 13 de xullo. O obxectivo desta actividade é que a mocidade goce do contacto coa natureza e desconecte de todo o que os distrae durante unha fin de semana. Trátase dunha alternativa de lecer ao aire libre que pretende darlle oportunidades aos mozos para que cooperen entre eles e estreite os lazos de unidade contacto coa natureza xerando unha actividade saudable con diferentes actividades deportivas e ambientais.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as nados/as entre os anos 2009 e 2015, ambos incluídos.
- ✓ O número de prazas ofertadas é de 15, que deberán completarse para levar a cabo a actividade.
- ✓ Fíxase un prezo de 35 € por inscrito/a, que incluírá almorzo, comida, merenda e cea, aluguer de tendas, autobús, actividades e outros materiais. Non inclúe o saco de durmir. Cando se inscriban varios/as irmáns/ás de xeito simultáneo, o/a segundo/a irmán/á e sucesivos terán un desconto dun 50%.
- ✓ As inscricións deberán presentarse no Rexistro municipal ou a través da sede electrónica do Concello, ata as 14:00 horas do día 11 de xullo.

5.- CONCESIÓN DA SEGUNDA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 5 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para

investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 23, correspondente ao día 04/02/25. Con data 28 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 620, do 28/04/25).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 03/07/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a segunda quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████████	A Portela – A Portela	350,00 €	Pagamento de tratamento de odontoloxía
██████████	██████████	Romaces – Río	250,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (alugueiro) e alimentación
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	400,00 €	Uso da vivenda (alugueiro) e alimentación
██████████	██████████	Barbeitos – Negrelos	140,00 €	Pagamento de tratamento de odontoloxía

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2025. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2026. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de

non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 1,25 € E 0,52 €
Por consumos eléctricos do alumeadado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/facturas núm. PA/PA25142000027006 e PA/PA25142000026991 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 50,78 € E 304,47 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7H90001367 e TA7H90001368 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 37,99 €, 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-G5M0-037710, 28-G5DD-004852 e 28-G5DD-045000 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 54,96 € E 2,44 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xuño de 2025, s/facturas núm. 4004382781 e 4004367708 (FACe).
- FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE 16,94 €
Por certificado de representante de persoa xurídica, s/factura núm. 8250737828.
- JORGE OJEA MATO 119,34 € E 42,83 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.

- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 119,34 € E 42,83 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 39,78 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- MARÍA LARA HERMIDA FERNÁNDEZ 39,78 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- FRANCISCO LORENZO EIRIZ 110,16 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 110,16 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 639,09 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 974 (FACe).
- MARÍA ELENA JORGE MATO 87,36 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ARCA DE NOÉ 1923, S.R.L. 1.589,33 €
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2025*” no mes de xuño de 2025, s/factura núm. ROD/001.
- KLEER KIM S.A.L. 488,96 €
Por subministro de produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. 0453 (FACe).

- PABLO GARCÍA PAIS 1.452,00 €
Por subministro de cortacésped, s/factura núm. 2025-0123.
- PABLO GARCÍA PAIS 865,19 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2025-0129.
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 512,56 €
Por subministro de repostos para desbrozadoras, s/factura núm. 200 (FACe).
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 423,86 €
Por reparacións na ETAP, s/factura núm. FV/00002225 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 203,28 €
Por traballos de confección de nóminas no mes de xuño de 2025, s/factura núm. 1087 (FACe).
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 190,73 €
Por subministro de materiais para obras, s/factura núm. 199 (FACe).
- PRIMO LALÍN S.L. 199,72 €
Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 2025-05/00000168 (FACe).
- TRADIP LUCENSE S.A. 907,50 € E 907,50 €
Por alugueres mensuais da furgoneta de transporte, s/facturas núm. 111269 e 111653 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)